



D. MANUEL TABOADA VIGO, ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE O PINO (A CORUÑA)

INFORMA

Que a Consellería de Política Social, convoca para o ano 2017 un total de 600 prazas para participal no PROGRAMA “BENESTAR EN BALNEARIOS”.

Persoas beneficiarias e requisitos:

- Ser maior de 60 anos, ou de 55 e reunir a condición de pensionista do sistema da Seguridade Social, polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
- Estar empadroado e residir nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa, agás no caso de fillos/as que acudan en calidade de acompañantes.
- Non padecer alteracións do comportamento que poidan afectar a normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.
- Acadar, de conformidade co baremo, a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas.

Duración:

As quendas teñen una duración de 10 días (nove noites) cada unha, realizaranse en réxime de pensión completa, e desenvolveranse **entre o mes de abril e o de decembro de 2017**.

O prazo de presentación das solicitudes estará aberto ata o 17 de abril de 2017.

Para maior información ou para realizar as solicitudes, deben acudir ao Departamento de Servizos Sociais do Concello ou chamando ao teléfono: 981.51.10.02

En O Pino, a 16 de marzo de 2017

O ALCALDE

